INTERIORISMO

Arquitectas e enxeñeiras civís

Elsie de Wolfe

Considerada a nai do deseño de interiores e primeira decoradora de EEUU.

admagazine.com

Charlotte Perriad

A contracorrente nunha época que negaba ás mulleres o seu protagonismo no deseño contemporáneo.

arquitecturaydiseno.es

Patricia Urquiola

É a deseñadora máis famosa do mundo. Todo o que toca convértese en éxito inmediato.

arquitecturaydiseno.es

Agosto2024

Tempo de mulleres, mulleres no tempo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
			1 1910 Nace Gerda Taro en Alemaña. Considérase a primeira foto-xornalista muller.	2 1955 Nace Anne Lacaton en Francia. O seu traballo é unha referencia social e ecolóxica da rehabilitación fronte ao derribo de edificios.	3 2004 Falece Mary Doris Clark, arquitecta peruana, a primeira muller que obtén este título no seu país. Feminista e docente.	4 1951 Falece Emilie Winkelmann, a primeira arquitecta independente alemá.
5 1922 Falece Alvilde Prydz, novelista norueguesa de gran éxito. Foi cofundadora da Asociación Norueguesa de Asuntos da Muller en 1884.	6 1991 Nace Inés Ávalos Vílchez en Jaén, ilustradora do calendario da Org. de Mulleres da Confederación Intersindical, *Tempo de mulleres, mulleres no tempo* dedicado ás mulleres no cinema no ano 2022.	7 1813 Nace Paulina Kellogg Wright Davis, abolicionista, sufraxista, activista polos dereitos da muller e educadora estadounidense.	8 1869 Nace Anne O'Hagan Shinn. Foi unha feminista, sufraxista, xornalista e escritora estadounidense de contos. Os seus escritos detallan a explotación de mulleres novas que traballaron como dependentas a principios do s. XX en EEUU.	9 1878 Nace Eileen Gray, encaixeira, deseñadora de mobles, deseñadora de interiores e arquitecta irlandesa que tivo o acerto de incorporar o encaixe con luxo ao estilo internacional.	10 1961 Falece Marion Lucy Mahony Griffin, arquitecta estadounidense e unha das primeiras mulleres en graduarse no prestixioso Instituto Tecnolóxico de Massachusetts.	11 1943 Falece Ella Trebe, activista alemá da resistencia contra os nazis.
12 1970 Falece Louise Charlotte Märten, xornalista, escritora, crítica de arte, teórica socialista e activista dos dereitos das mulleres alemá.	13 1616 Nace Plautilla Bricci en Roma, arquitecta, pintora e membro de academia de San Lucas.	14 1806 Nace Cecilia Fryxell. Foi unha educadora e directora sueca, considerada pioneira na educación das nenas en Suecia.	15 1926 Nace Raili Inkeri Marjalta Paatelainen, arquitecta finlandesa, profesora de arquitectura na década dos setenta na Universidade de Oulu.	16 1979 Nace Elvira Carpena García en Elche, arquitecta en activo.	17 1936 Nace Margaret Hamilton, científica informática, matemática e enxeñeira de sistemas. Directora da División de Enxeñería de Software do Laboratorio de Instrumentación do MIT.	18 1985 Nace Julia Arévalo Suárez, unha das loitadoras sociais máis relevantes de Uruguai. Sindicalista e primeira senadora comunista de América Latina.
19 1945 Nace Mª Pilar Sánchez Marco en Zaragoza. Desenvolveu múltiples proxectos de construción, recuperación e rehabilitación.	20 1942 Nace Alison Des Forges, historiadora e activista estadounidense polos dereitos humanos que se especializou na rexión africana dos Grandes Lagos, en particular o xenocidio de Ruanda de 1994.	21 1988 Falece Ray Eames, artista, deseñadora, arquitecta e realizadora de cine estadounidense.	22 1846 Nace Berthe Amalie Alver en Noruega. Escritora naturalista e feminista.	23 1991 Falece Florence Barbara Seibert, bioquímica estadounidense coñecida por ter inventado o test da tuberculose.	24 1852 Falece Sarah María Beach, inventora británica que contribuíu ao deseño de infraestruturas en Gran Bretaña.	25 1954 Nace María del Cisne Riofrío Cocios, activista permanente e implacable dos dereitos das mulleres, nenos, nenas e mocidade, creou o Foro Nacional da Muller Ecuatoriana.
26 1941 Nace Barbara Ehrenreich, ensaísta e activista social estadounidense.	27 1939 Nace Marie-France Clugnet en Francia. Especialista en pontes e estradas. 2020 Publícase o nomeamento de Mª Belén González Fonteboa como Catedrática da Univ. de A Coruña da áAea de Coñecemento de "Enxeñería da Construción".	28 1992 Nace Sheila Quesada Ortíz, enxeñeira de minas especializada en recursos enerxéticos, combustibles e explosivos pola Universidade de Jaén. Actualmente é enxeñeira da Rexión de Murcia.	29 1942 Nace Angiola Bonanni en Roma, escultora e artista visual feminista residente en Madrid. As súas obras tratan dous temas principais: a inmigración e a situación das mulleres.	30 1958 Nace Anna Politkovskaya en Nova York. Destacou pola súa actividade a favor dos dereitos humanos e pola súa oposición ao conflito checheno.	31 1870 Nace María Montessori, médica e pedagoga.	

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres

Asemblea de Mulleres

STEG